

PÍLULA "CÓMO CREAR UNHA UNIDADE DE VIXILANCIA TECNOLÓXICA E NON PERDERSE NO INTENTO"

Data: 06/05/ 2021
Horario: de 09:15 a 11:30h
Organiza: CIS Tecnoloxía e Deseño - Axencia Galega de Innovación (GAIN)

¿Coñeces o que é a Vixilancia Tecnolóxica? Sabes para que serve? Estás motivado para chegar até o final? Estás disposto a darlle os recursos que necesita? E a promocionala e dala a coñecer?

Esta pílula será a primeira de cinco accións adicadas á Vixilancia Tecnolóxica que o CIS Tecnoloxía e Deseño organizará no 2021 no marco da súa experiencia en actividades e proxectos relacionados coa xestión e implantación de Vixilancia Tecnolóxica en empresas e entidades de Galicia.

Durante esta xornada a experta LARA REY, Market Intelligence Analyst en el Grupo FerroGlobe, abordará, entre outras cuestións, como crear unha unidade, departamento ou servizo de Vixilancia Tecnolóxica analizando os principais retos e aportando solucións para levar a cabo esta tarefa con éxito.

▷ **9:15 – 9:30h**
Presentación

María José Mariño Fontenla
Directora de Área de Centros de GAIN

▷ **9:30 – 11:00h**
Como crear unha unidade, departamento ou servizo de Vixilancia Tecnolóxica

De que falaremos:

- Tipo de vixilancia: É o mesmo vixiar a cociña que vixiar a túa contorna empresarial?
- Fontes de información que podos e debo ter en conta.
- Organización dos armarios e caixóns de información: Por onde empezamos?
- Analicemos que información temos e que queremos facer con ela.
- Sabemos como preparar esa información para que teña valor?

- Rumbos na análise. Perdas de "visión global" ou "visión cubista" Vemos todo o alcance?
- Información interna. O muro da Intelixencia Competitiva. Non che dou isto porque é meu.
- Darlle valor engadido. Mellorando o cocinado. Como transformar a información para incrementar a súa utilidade e valor.
- Feedback. Recompilando a opinión dos comensais. Gústalles? Hai críticas? Opinións?
- Mellora continua...sempre! Pechar o ciclo e a mellorar a receita!

▷ **11:00 – 11:30h**
Reflexións e discusión

